

ORDENANZA FISCAL NÚM. 2 REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES

ARTIGO 1. Normativa aplicable.

O Imposto sobre Bens Inmóbles rexirásese neste Concello:

- a) a) Polas normas reguladoras do mesmo, contidas na Lei reguladora das Facendas Locais, e polas demais disposicións legais e regulamentos que complementen e desenvolvan dita lei.
- b) b) Pola presente Ordenanza fiscal.

ARTIGO 2.

1.- O tipo de gravame do Imposto sobre Bens Inmóbles aplicable ós de natureza urbana queda fixado no 0,69 %.

2.- O tipo de gravame do Imposto sobre Bens Inmóbles aplicable ós bens de natureza rústica, queda fixado no 0,6%.

3.- Bens inmóbles de características especiais 1,10 %. Entendéndose por tales:

- a) Os portos comerciais,
- b) Autopistas.
- c) Bens destinaídos á produción de enerxía eléctrica e gas.

ARTIGO 3.-

Exencións potestativas de aplicación de oficio. Están exentos os seguintes bens inmóbles situados no término municipal deste Concello:

- a) Os de natureza urbana, cando a cuota sexa inferior a 4 €
- b) Os de natureza rústica, cando a cuota líquida, sexa inferior a 1 €

ARTIGO 4.- Bonificacións.

1.- Terán dereito a unha bonificación do 90 % na cuota íntegra do imposto, sempre que así se solicite polos interesados antes do inicio das obras, os inmóbles que constitúan o obxecto da actividade das empresas de urbanización, construción e promoción inmobiliaria tanto de obra novo como de rehabilitación equiparable a ésta, e non se atopen nos seus bens do inmovilizado.

O prazo de aplicación desta bonificación comprenderá dende o período impositivo seguinte a aquel en que se inicen as obras ata o posterior a terminación das mesmas, sempre que durante ese tempo se realicen obras de urbanización ou construción efectiva, e sin que, en ningún caso, exceda de tres períodos impositivos.

Para disfrutar da mencionada bonificación, os interesados deberán cumprir os seguintes requisitos:

- a) a) Acreditación da data de inicio das obras de urbanización ou construción de que se trate, a cal se fará mediante certificado do Técnico-Director competente das mesmas, visado polo Colexio Profesional.
- b) b) Acreditación de que a empresa se dedica a actividade de urbanización, construción e promoción inmobiliaria, a cal se fará mediante a presentación dos estatutos da sociedade.
- c) c) Acreditación de que o inmovible obxecto da bonificación é de súa propiedade e non forma parte do inmovilizado, que se fará mediante copia da escritura pública ou alta catastral e certificación do Administrador da Sociedade, ou fotocopia do último balance presentado ante a AEAT, a efectos do Imposto sobre Sociedades.
- d) d) Fotocopia da alta ou último recibo do Imposto sobre Actividades Económicas.

A solicitude da bonificación poderase formular dende que se poida acreditar o inicio das obras; e a acreditación dos requisitos anteriores podrá realizarse mediante calquer outra documentación admitida en Dereito.

Si as obras de nova construción ou de rehabilitación integral afectasen a diversos solares, na solicitude se detallarán as referencias catastrais dos diferentes solares.

2.- Os aloxamentos protexidos e as equiparables a estas segundo ó artigo 3, letra b) do Decreto da Xunta de Galicia 199/2002 de 6 de xuño, disfrutarán dunha bonificación do 50 % durante o prazo de tres anos, contados dente o ano seguinte a data do otorgamento da calificación definitiva.

Os suxeitos pasivos do Imposto, que ostente a condición de titulares de familia numerosa, disfrutarán dunha bonificación da cota íntegra do Impostos cando concurren as circunstancias seguintes:

1º.- Que o ben inmovible constitua a vivenda habitual do suxeito pasivo.

2º.- Que o suxeito pasivo teña ingresos anuais inferiores o salario mínimo interprofesional multiplicado por 3,5.

3º.- A bonificación seestablece segundo a seguinte escala:

- a) a) Tres ou catro fillos, 30 %.
- b) b) Cinco óu máis fillos, 50 %.

Si entre os fillos indicados no apartado a) existise algún minusválido, con minusvalía igual ou superior o 33 %, a bonificación será do 50 %.



DISPOSICIÓN FINAL

A presente modificación entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro de 2008, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.